



CIRCULAR INFORMATIVA 21/2025

1. REQUISITO DE PRESENTAR A FOLLA DE ENCARGA OU CONTRATO EN CONTAS DE AVOGADOS AOS CLIENTES AOS QUE SE LLES DENEGUE A AXG

Achegamos unha copia de dúas resolucións xudiciais, unha da Sección 6ª da AP da Coruña e outra do Xulgado do Penal Núm. 1 de Santiago de Compostela, nas que se establece **que non se pode inadmitir** unha conta de avogado contra un cliente ao que se lle denegou o beneficio de xustiza gratuíta **por non presentar a correspondente folla de encarga profesional** ou contrato subscrito con este, tal e como establece o artigo 35.4 da LAC.

Documentos anexos (PDF):

- Auto do 17.10.2025, do Xulgado Penal Núm. 1 de Santiago
- Auto 100/2025 do 28.03.25, rec. de apelación 493/2024, Sección 6ª AP da Coruña

2. POSTA EN MARCHA DA CANLE DE DIFUSIÓN POR WHATSAPP DO COLEXIO

O Colexio da Avogacía de Santiago pon en funcionamento unha canle de Whatsapp destinada unicamente aos seus colexiados e colexiadas. Esta nova ferramenta de comunicación permitirá ao colexio enviar avisos, novas, notificacións e información de interese ás persoas subscritas á canle. O uso deste servizo de mensaxería axilizará as comunicacións entre o colexio e os seus colexiados e colexiadas.

Como tramitar as altas e baixas no servizo?

As persoas interesadas en incorporarse á canle de Whatsapp do ICA Santiago deberán:

1. Agregar o número 640 622 244 aos seus contactos
2. Escribir unha mensaxe de Whatsapp a ese número co seu nome, apelidos e número de colexiación, e co texto “alta na canle de Whatsapp ICA Santiago”.

A continuación, o usuario ou usuaria será dado de alta no servizo.

Con este procedemento de alta, os usuarios/as dan o seu consentimento para recibir información dende o colexio a través da súa canle de Whatsapp.

Aquelas persoas que desexen darse de baixa deberán enviar unha mensaxe de Whatsapp ao número do colexio (640 622 244) co texto “baixa na canle de Whatsapp ICA Santiago”.

Como se envían as mensaxes?

O servizo consiste nunha lista de difusión, non se trata dun grupo do servizo de mensaxería, polo que **os usuarios non terán acceso aos datos ou información do resto dos inscritos/as na canle**.

O colexio é o administrador do servizo, polo que é o seu propietario e quen remitirán as mensaxes.



CIRCULAR INFORMATIVA 21/2025

Que normas de uso deben cumprirse?

A canle de Whatsapp do ICA Santiago é informativa. A alta no servizo implica a aceptación das condicións e normas de uso expostas no presente documento. O administrador do servizo poderá dar de baixa automática aquelas persoas que non cumpran a normativa ou que fagan un uso inadecuado do servizo.

As comunicacións da canle de Whatsapp son enviadas polo ICA Santiago ás persoas destinatarias que así o autorizaron mediante a súa alta no servizo, en cumprimento do artigo 6.1.a) do RXPd.

Calquera persoa pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, así como outros dereitos previstos na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, ante o ICA Santiago, responsable do tratamento, dirixíndose por escrito (debidamente asinado) á sede colexial na rúa de Eduardo Pondal, 4, baixo, Santiago de Compostela, ou ben mediante un correo electrónico dirixido a whatsappavogaciacompostela@gmail.com.